

Concello de Viveiro

PROCESO PARA A SELECCIÓN DE UN PEÓN CONDUCTOR, QUE PRESTARÁ SERVIZOS TEMPORAIS NO CONCELLO DE VIVEIRO, AO AMPARO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O CONCELLO DE VIVEIRO PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS 2022. EXPTE.: 4362/2022.

Visto o punto 3 das bases específicas da brigada contra incendios 2022, que literalmente di: “(...)REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Os establecidos con carácter xeral nas bases xerais coa titulación esixida para cada posto.

Os/as aspirantes seleccionados deberán realizar previamente á súa contratación un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar.

De non superar o recoñecemento médico e a proba física de esforzo, se decretará ao aspirante decaído do seu dereito á contratación.

Os aspirantes deberán realizar un curso obrigatorio de formación sobre a prevención e defensa contra os incendios forestais, en caso de non superar dito curso o aspirante quedará decaído do seu dereito á contratación. Viveiro, á data que consta á marxe...”

Tendo en conta os resultados das probas físicas de esforzo, recoñecementos médicos e o curso obrigatorio de formación sobre a prevención e defensa contra os incendios forestais dos aspirantes que se presentaron as probas físicas de esforzo, que constan no expediente.

A) PROBA GALEGO (Base Específica 2.B)

Esta proba é obrigatoria e eliminatória, puntuarase con apto ou non apto.

O Tribunal outorga, por unanimidade, as seguintes puntuacións:

Apelidos e Nome	Proba galego de
CABRERA MANZANO ADOLFO	APTO

B) BAREMO DE MÉRITOS (Base Xeral 10) E CUALIFICACIÓNS DEFINITIVAS (Base Xeral 11)

O Tribunal designado por Resolución de Alcaldía de data 20 de xullo de 2022, realiza o Concurso aos aspirantes admitidos, outorga por unanimidade as seguintes puntuacións e cualificacións finais:

APELIDOS E NOME	EXPERIENCIA PROFESIONAL (ATA 6 PUNTOS)			TITULACIÓNS ACADÉMICAS (ATA 1 PUNTO)	CURSOS (ATA 2 PUNTOS)	GALEGO (ATA 1 PUNTO)	TOTAL (MÁXIMO 10 PUNTOS)
	ENTIDADE LOCAL OU DELA DEPENDENTE	AMBITO PRIVADO	TOTAL EXPERIENCIA PROFESIONAL				
CABRERA MANZANO ADOLFO	0,55	0	0,55	0,5	6,85	0	7,9
MODIA LOPEZ AMANDO	0	0	0	0	0	1	1
MONTEIRO MONTEIRO MANUEL	0,7	0	0,7	0,5	0,16	0,25	1,61



Concello de Viveiro

C) ASPIRANTE SELECCIONADO

APELIDOS E NOME	TOTAL
CABRERA MANZANO ADOLFO	7,9

D) PROPOSTA DE SELECCIÓN (Base Xeral 12)

O Tribunal, á vista da lista dos aspirantes seleccionados acorda, formular proposta de selección ante a Alcaldía do Concello de Viveiro a favor de **D. CABRERA MANZANO ADOLFO** para prestar servizos de peón conductor no Concello de Viveiro como persoal laboral temporal sendo a modalidade de contrato de duración determinada vinculados a programas financiados con fondos europeos-Disposición Adicional quinta do Real Decreto- Lei 32/2021 (Modelo 406), ao obter a maior cualificación final.

E) ORDE DE ASPIRANTES LISTA DE EMPREGO (BASE XERAL 14)

O Tribunal establece a orde de aspirantes non seleccionados ao obxecto do sinalado na base 12 e 14.

APELIDOS E NOME	TOTAL
MONTEIRO MONTEIRO MANUEL	1,61
MODIA LOPEZ AMANDO	1



Concello de Viveiro

F) PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

Os aspirantes propostos deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello de Viveiro a documentación que se sinala na Base Xeral 13 no prazo de 3 días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación da proposta do Tribunal no Taboleiro de Anuncios Dixital do Concello de Viveiro.

Viveiro, á data que consta á marxe.

O SECRETARIO DO TRIBUNAL,

Asdo. Jose Vivero Russo

(Documento asinado dixitalmente á marxe)

A PRESIDENTE DO TRIBUNAL,

Asdo. María Luz Balsa Rábade

